

ANEXO X

PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO COMUNITARIO TU503F- SUBVENCÍONS A ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS PARA ACTUACÍONS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO

Ao tratarse de subvencións financiadas con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 34, do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicidade e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia, conforme ao manual de identidade corporativa que estea vixente, e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, e mostrando:

- a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga "financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU".
- b) Referencia ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- c) O emblema do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.

O formato que se utiliza é o seguinte:

2. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego:

- i. Breve descrición no seu sitio da Internet do que dispoña a entidade beneficiaria, do proxecto desenvolvido ao abeiro da subvención concedida, dos obxectivos perseguidos e resultados acadados, na que se destaque a procedencia da financiación e o emblema da UE, incluíndo a imaxe institucional correspondente, incluída a da Xunta de Galicia e a do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e mostrando:
 - a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga "financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU".
 - b) Referencia ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 - c) O emblema do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.
 - d) Mención ao título da operación: "Subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego".



- ii. Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que se mencionará o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional correspondente, e mostrando:

- a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga “financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU”.
- b) Referencia ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- c) O emblema do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.
- d) Mención ao título da operación: “Subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral gaelgo”.

O cartel, elaborado con materiais que permitan certa perdurabilidade no tempo, deberase colocar nun lugar visible para o público.

Para efectos do sinalado, poderase empregar o seguinte modelo tanto para a publicación en web como para a elaboración do cartel:

Subvencions a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego